

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E A COLABORACIÓN COA ORGANIZACIÓN ESPAÑOLA PARA O LIBRO INFANTIL E XUVENIL (OEPLI)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaria Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil para a realización de actividades culturais e continuar a colaboración coa OEPLI.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) na promoción da cultura infantil e xuvenil.



Por todo o anterior é a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

